



CIRCULAR INFORMATIVA

Vimianzo, a 12 de setembro de 2016

Estimados nai e pai:

Como cada curso, convén lembrar algunhas normas básicas:

- Como sabedes, segundo a Orde do 23 de xuño de 2011, entra en vigor a vixilancia dos alumnos/as , nas entradas e saídas do recinto escolar, por parte do profesorado. Polo tanto en dito horario **só poderán acceder ao patio escolar os alumnos/as que serán recibidos polos profesores/as de garda. Os pais/nais deberán permanecer fóra do recinto escolar.**
- Os alumnos **NON PODERÁN ACCEDER AO PATIO ata 10 minutos antes** do comezo da xornada escolar.
- **NINGUNHA PERSOA ALLEA AO PERSOAL DO CENTRO PODERÁ SUBIR ÁS PLANTAS 1ª E 2ª.** No caso de chegaren tarde **esperarán** a que a conserxe poda acompañar aos nenos ás aulas.
- **TODAS AS** portas de acceso ao patio do colexio estarán pechadas:
 - **De 11.40 a 12.10 horas (Recreo da mañá)**
 - **De 13.15 a 14.20 horas (Descanso do medio día)**
 - Neste horario só se abrirán para atender **CASOS VERDADEIRAMENTE URXENTES**; polo tanto se precisan recoller ou traer ós seus fillos (para ir ó Centro Médico, por exemplo) deberán intentar facelo **antes** ou **despois** dos horarios mencionados.
- **CANDO UN PAI / NAI OU PERSOA AUTORIZADA NECESITE RECOLLER AO SEU FILLO OU FILLA dentro do horario escolar, deberá cubrir un impreso** que lle facilitará unha persoa do centro, onde faga constancia de tal circunstancia.
- **SE ALGÚN ALUMNO PRECISA TOMAR ALGÚN MEDICAMENTO DENTRO DO HORARIO ESCOLAR,** deberá traer da casa unha autorización co nome do medicamento, a dose e a hora na que debe tomalo.
- **RECORDAR QUE A HORA DE ENTRADA É AS 10.00 .PREGASE PUNTUALIDADE(SE ALGÚN NENO TEN MÉDICO Á PRIMEIRA HORA DE CLASE,É CONVINTE QUE NON VEÑA AO COLEXIO,ATA DESPOIS DA CONSULTA, PARA NON INTERRUMPIR AS CLASES).**
- **Os nenos/as usuarios/as do transporte escolar, teñen que regresar no mesmo autobús as 16:30, senón teñen que vir a recollelos á porta de autobús, para que as coidadoras de autobús saiban que nenos faltan. Polo tanto os pais/nais que desexen que os seus fillos participen nas actividades do Concello pola tarde, teñen que vir ás 16:30 recollelos, para levalos as actividades ou firmar a autorización para poder saír sós do colexio (3º, 4º, 5º e 6º).**

- Proximamente enviaremos Resumo Protocolo de Comedor.
- O director, xefe de estudos e secretaria **só atenderán as oficinas** no horario que se lles comunica a continuación.

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00 a 10:50	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN XEFATURA	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN XEFATURA
10:50 a 11:40	SECRETARIA				
12:10 a 13:00	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA
14.30 a 15.30	XEFATURA			XEFATURA	XEFATURA
15.30 a 16.30	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN XEFATURA	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN

HORARIO DE OUTUBRO A MAIO

HORARIO DE MAÑÁ E TARDE

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Docente mañá	10:00 a 13:00	10:00 a 13:00	10:00 a 13:00	10:00 a 13:00	10:00 a 13:00
Comedor	13:00 a 14:30	13:00 a 14:30	13:00 a 14:30	13:00 a 14:30	13:00 a 14:30
Docente tarde	14:30 a 16:30	14:30 a 16:30	14:30 a 16:30	14:30 a 16:30	14:30 a 16:30